

ARTE

Romero Masiá, un espacio destinado á ensonación

Os escenarios deste artista están habitados humanamente por seres inverosímiles que se ateen ás normas do posible poñendo unha certa lóxica a fenómenos invisibles

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

No Espacio de Arte de EL CORREO GALLEGO (Preguntoiro, 29, Santiago) exhibese ata o día 10 deste mes unha mostra pictórica do compostelán Rafael Romero Masiá.

O traballo deste profesor de Debuxo na Escola de Artes Mestre Mateo pode admirarse, tamén, en moitas outras empresas e establecementos da capital de Galicia; non en van, os seus primeiros fans son os seus propios veciños. Masiá é profeta na súa terra.

O seu compromiso coa pintura é de tal fidelidade que lle levou a concentrarse e admirala nos distintos estilos que a conforman e a apaixonarse e recrearse cos que exploran fórmulas innovadoras como o informalismo, o movemento simbolista ou superrealista.

Os escenarios de Masiá están habitados humanamente por seres inverosímiles que se ateen ás normas do posible poñendo unha certa lóxica a fenómenos invisibles. Son lugares para o maravilloso, onde se pode esperar calquera aparición. A tempestade marítima ou atmosférica pode pulular por un espazo interior flotando en medio dun recinto pechado. É así nese "triptico", o maior lenzo da exposición, un cadro que roza os lindes da abstracción.

A composición trae a primeiro termo un entarimado de madeira coidadosamente traballado, que vai subindo en profundo escorzo.

O contrapicado amplía a zona entarimada dun suposto recinto pechado ó que se converte nun espazo para a reflexión. Percíbense neste lenzo enerxías fluídas en movemento, máis propias do mundo exterior, xa que semellan nebulosas que se guen querendo persistir na súa forma antes de se concretizar en



Masiá diante dunha das obras que expón no Espacio de Arte de EL CORREO GALLEGO

figuras determinadas ou deixar de existir.

Intuímos así a afastada iconografía da Anunciación, que no presente caso deixa de se concretizar tal vez porque non foi ben convocada. Existe como mancha informalista, como forza cósmica de signo relacionado coa predeterminación, como elementos do destino que parecen fiarse nunha continuidade paralela ó labor realizada por unha tea de araña.

Neses cadros, algúns abstractos, o aire, ese elemento das cosmogonías tradicionais queda suspenso en puro estado de espiritualización. A vea mística acentúase nesas series.

Na parede oposta, o autor toca a figuración inmersa en fondo indeterminado. Este fondo

parece saír do estudio do artista, apartado do mundanal ruido. Son escenas representativas do destino humano; situacións nas que probablemente todos nos vexamos involucrados directa ou tanxencialmente algunha vez.

Os ciúmes, o engano, a arrogancia ou o orgullo personalízanse en seres que oscilan entre o real e o puro magicismo. Cun brochazo, Masiá decapita membros, quita dun lado para engadir preciosismo minucioso a unhas delicadas mans de exquisito debuxo e pose leonardesca.

Rostros a medio facer como comidos por un monstro onírico, envolver a escena con efectos tenebristas, delatores tanto do mellor barroco como das deformacións baconianas. Figuras

con fina retranca. É frecuente a comparación da figura con algún elemento ou emblema anunciador da boa nova ou dun desenlace máis trágico. (O corvo pode simbolizar unha traxedia e o galo a aurora esperanzada de cada día). En todo caso, enriquecen a trama argumental á vez que a dotan de gran sentido irónico.

Só cunha potente carga de humor poden posar estes rostros, ás veces rapados, ou transformados en bonecos ou ben homiños, a un prominente nariz pegados. Todos destinados a unha fin específica: divertir a existencia cotiá e crear un marco propicio a aparicións maravillosas, onde a linguaxe idiomática do artista dá paso a un rico xogo de confusións.

CINE

O regreso de Hannibal Lecter

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO



EL DRAGÓN ROJO

Director: Brett Ratner
Intérpretes: Anthony Hopkins, Edward Norton

Acudín á nova entrega das aventuras de Hannibal Lecter escasamente motivado. A última entrega, dirixida por Ridley Scott baixo o título de *Hannibal*, deixara en min un pésimo sabor, tal vez pola insistencia no lado máis macabro e groseiro das aventuras do famoso psicópata. A nova oferta, *El dragón rojo*, apoiada nun reparto de grande solvencia, sen marabillar, entretén e regresa, aínda non exenta desa pedantería pseudointelectual na que se quere cimentar, ó lado máis suxestivo e desacougante do coñecido asasino canibal.

Radica gran parte da aceptable oferta na sobriedade do guión, na mellor fundamentación das conductas dos personaxes e na críble interpretación de Edward Norton, Ralph Fiennes e, de xeito especial, Emily Watson. Os tres conforman un triángulo (detective, psicópata e muller inxenuea disposta a atoparlle o lado bo e tenro ó dono das conductas máis monstruosas) que, aínda unido por pespentes fráxiles, logra un mínimo equilibrio de vida na estrutura narrativa. Porque se Norton convence no papel de axente intuitivo, perspicaz, humano e responsable, e Fiennes transmite a angustia, dor, impotencia e tortura interna do acomplexado monstro, Watson sabe eleva-la confianza e a bondade ás fronteiras que case posibilitan o milagre, de xeito que o mal, a loucura e o terror deixan un ventanuco para a loita e a rebelión. Lecter regresa á imaxe de intelixencia fría, sofisticada, pedante, pero infinitamente máis atractiva que a proposta brutal e atlética de *Hannibal*. Todo amasado co ritmo áxil dun thriller consistente, acendendo algunha labarada de tensión fina, consegue un produto discreto e entretido. O peor, sen desculpa, a reviravolta da resolución, cando xa todo cadraba minimamente, intentando un grao máis de terror e medo superfluos. Regresa Lecter, regresa un cine discreto para unha tarde de inverno.

A DEPUTACIÓN DE OURENSE

COA NOSA

CULTURA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE